



E-Dixgal. A avaliación Edebé On+

1. Introducción

O obxectivo do seguinte tutorial é entender como se pode configurar a avaliación empregando os libros de texto dixitais da editorial Edebé On+. Para entender o proceso, crearemos primeiramente un curso, seguidamente ou ben configuramos a avaliación de forma manual ou ben importamos un curso ca avaliación xa configurada. E por último estudamos o caso do libros de Edebé On+. Vexamos o proceso paso a paso.



2. Creación dun curso

- Ir ao fondo da páxina principal e premer no botón "Engadir unha nova materia"

Engadir unha nova materia

- Engadimos nome completo e nome curto (este último non pode coincidir con outro curso do evaformación)

▼ Xeral

Nome completo da materia ⓘ ⓘ

Formación edixgal

Nome curto da materia ⓘ ⓘ

Formación edixgal

- E clic en gardar e presentar
- Escollemos a materia (bloque na columna da dereita)

Atopar recursos


Materia do catálogo

IESO - Matemáticas


Cambiar

[Busca avanzada?](#)

3. Matrícula dos usuarios



- Clic en matricular usuarios



- Procuramos os alumnos segundo o código do curso, por exemplo: c2002171", e seleccionamos os alumnos que consideremos
- Finalmente clic en Matricular usuarios

 A dialog box titled 'Matricular usuarios' with a close button (x) in the top right. Below the title is the section 'Opcións de matriculación'. It contains:

- 'Escoller usuarios': A search bar with a dropdown menu showing 'Alumno _C2002171_01 Formacion01 10045005'.
- A dropdown menu with 'c2002171' selected.
- 'Asignar rol': A dropdown menu with 'Alumno' selected.
- A link 'Amosar máis' in blue.
- At the bottom, two buttons: 'Matricular usuarios' (blue) and 'Cancelar' (grey).


- Matriculamos 3 alumnos, por exemplo

4. Configuración da avaliación


Para simplificar este manual, importaremos ao curso recién creado unha copia dun curso en branco coa avaliación xa configurada.

- Descargamos a seguinte copia de seguridade <https://blog.atio.es/sites/blog/files/inline-images/aval/avaliaci%C3%B3n.mbz>



- Clic en Restaurar



- Seleccionamos o ficheiro e clic en Restaurar



- Clic en continuar
- Baixamos ata atopar o seguinte cadro:



- Neste caso, a ao non ter configurada previamente a avaliación, escollemos a opción de "Fusionar a copia..."
- Clic en continuar, e pasamos a seguinte páxina
- Clic en seguinte
- Clic en Restaurar
- Se pinchamos en Cualificación > Máis > Modo avanzado, podemos visualizar a avaliación xa configurada



Xestionar cualificacións: Cualificacións por alumno/a

[Cualificacións por alumno/a](#)
[Cualificacións por avaliación](#)
[Exportar](#)
[Máis](#)

E visualizamos o libro de cualificacións:

| | | | | |
|--|-----|-------|--------|---------------------------------------|
| avaliacion_EdebéOn+ | | - | Editar | <input type="checkbox"/> Todo |
| Avaliación 1 | | - | Editar | <input type="checkbox"/> Avaliación 1 |
| Exames It | | 6,0 | Editar | <input type="checkbox"/> Exames It |
| <input type="checkbox"/> IT _ Exame 01 | 4,0 | 10,00 | Editar | <input type="checkbox"/> |
| <input type="checkbox"/> IT _ Exame 02 | 4,0 | 10,00 | Editar | <input type="checkbox"/> |
| <input type="checkbox"/> IT _ Exame 03 | 2,0 | 10,00 | Editar | <input type="checkbox"/> |

Restaurar

Como non empregamos o configurador de avaliación, aparece o seguinte aviso

Xestionar cualificacións: Cualificacións por alumno/a
 Cualificacións por alumno/a | Cualificacións por avaliación | Exportar | Máis

Antes poder acceder á lista das cualificacións é necesario configurar correctamente os criterios de cualificación. [Verificar](#)
 Se polo contra, non está aparecendo o resultado, consulte o manual.

5. Inserimos un libro da Editorial

A maneira máis sinxela de introducir os cursos é pinchando en acceder no bloque de edebé, que aparece á dereita

edebé On+

[Acceder](#)

▶ Asociar contido a este curso

[Sincronizar estudantes](#)

- Clic en asociar contido a este curso, xa que neste exemplo, introducimos un libro orixinal da materia de Matemáticas de 1º ESO. Se quixeramos editar os contidos dun libro para personalizalos, pincharíamos "Acceder" e en "Mis contenidos"

▼ Asociar contido a este curso

Libro

MATEMÁTICAS I

Unidade

Números naturais


Tarxeta

- Escoller -

Sección ? Sección 1

[Asociar](#)

- Seleccionamos o libro, neste exemplo MATEMÁTICAS I
- Escollemos a unidade a inserir, por exemplo Números naturais
- Como desexamos introducir toda a Unidade, en tarxeta non seleccionamos nada.
- E en Sección, escollemos a sección desexada, por exemplo a 1
- Clic en Asociar e no aviso informativo, clic en Continuar
- Se nos diriximos á sección 1, podemos visualizar os contidos inseridos



6. Reconfiguramos a avaliación

Unha vez que inserimos unha unidade ou varias da editorial, debemos decidir se procedemos a telas en conta no proceso de avaliación, ou ben desexamos dispoñer da confirmación de que foron realizados os exercicios polo alumnado, pero non temos en conta o grao de consecución na resolución

- Accedemos ao libro de cualificacións. Clic en cualificacións >Máis >Modo Avanzado
- Se nos diriximos ao fondo do libro de cualificacións, podemos observar que aparecen todos os contidos

| | | | |
|--|--------|--------|--------------------------|
| Non available | - | Editar | <input type="checkbox"/> |
| Total Non available Media ponderada simple de cualificacións. | 0,00 | Editar | |
| Inicio | 100,00 | Editar | <input type="checkbox"/> |
| Los sistemas de numeración | 100,00 | Editar | <input type="checkbox"/> |
| Los números naturales | 100,00 | Editar | <input type="checkbox"/> |
| Las potencias | 100,00 | Editar | <input type="checkbox"/> |
| Las raíces cuadradas | 100,00 | Editar | <input type="checkbox"/> |

- Agora debemos decidir se algunha parte da unidade didáctica a consideramos na nota.
- Por exemplo imaxinemos que o apartado de "Actividades finais" queremos telo en conta e concretamente queremos que pertenza á categoría de Traballo e actitude do primeiro trimestre.

Sen embargo, coa configuración que cargamos por defecto, dispoñemos de un elemento de cualificación chamado Realización das Tarefas, e quizais, o mellor sería que este elemento de cualificación fose unha subcategoría, para introducir nel todas as actividades do curso. Vexamos como facelo:

1. No final da páxina, clic en Engadir categoría.

Engadir categoría

2. No nome da categoría, asignámoslle "1T Realización das tarefas"
3. En Agregación podemos seleccionar Media de cualificacións
4. No apartado de Total categoría establecemos a puntuación máxima como 10
5. E en Categoría principal escollemos a categoría "Traballo e actitude 1t"
6. Gardamos os cambios
7. Agora procedemos a eliminar o elemento de cualificación (non a subcategoría que acabamos de crear)


| | | | | |
|----------------------------|-----|-------|--------|--------------------------|
| IT_Realización das tarefas | 2,5 | 10,00 | Editar | <input type="checkbox"/> |
| IT_Realización das tarefas | 0,0 | - | Editar | <input type="checkbox"/> |

Para iso clic en Editar >Eliminar


8. Reconfiguramos o valor da subcategoría 1T Realización das tarefas, cun valor do 25% da nota



- Seleccionamos a tarefa da editorial "Actividades finais" e movémola á subcategoría 1T Realización das tarefas, que acabamos de crear nos pasos anteriores.



E na parte inferior escollemos "Traballo e actitude do primeiro trimestre"




Con isto rematamos a configuración deste apartado "Actividades finais". A medida que os alumnos entreguen estas tarefas, os resultados, é dicir a nota cuantitativa aparecerá reflexada na avaliación.

7. Accedemos coas credenciais de alumno

Accedemos coas credenciais dun alumno e cumprimentamos unha das tarefas da sección Síntesis que configuramos no apartado anterior.

As miñas materias



100450052 - Cursos de formación 2021/2022
avaliacion_EdebéOn+
Acceso

- Dirixímonos á sección 1
- E dentro da mesma, dirixímonos ao apartado de Actividades finais
- Comezamos a responder todas as seccións, como faría o alumnado. O alumnado ten ata 3 intentos para responder de forma acertada as cuestións.
- Actividade 1

Prepara - Actividade 1

1

Indica a qué número representa esta descomposición: 8 UMM 4 CM 5 UM 6 C 7 D

- 8 405 607
- 8 405 670
- 4 850 607
- 8 450 670

Neste caso, o alumno respondeu mal á pregunta, e o propio sistema avisa disto. Agora só lle quedan dous intentos máis.

1

Indica a qué número representa esta descomposición: 8 UMM 4 CM 5 UM 6 C 7 D

- 8 405 670
- 8 405 607
- 4 850 607
- 8 450 670

Resultado: 0 / 1

Volvemos a intentalo, pero tendo en conta que o sistema barallou as repostas, e polo tanto, mudou a orde das mesmas. Clic en Reintentar.

Prepara - Actividade 1

- 1 Indica a qué número representa esta descomposición: 8 UMM 4 CM 5 UM 6 C 7 D
- 8 405 607
 - 8 450 670
 - 4 850 607
 - 8 405 670

Volvemos a fallar. E só nos queda un intento máis:

Prepara - Actividade 1

- 1 Indica a qué número representa esta descomposición: 8 UMM 4 CM 5 UM 6 C 7 D
- 8 405 670
 - 8 405 607
 - 8 450 670
 - 4 850 607

E neste caso, acadamos o resultado esperado na pregunta nº1

- 1 Indica a qué número representa esta descomposición: 8 UMM 4 CM 5 UM 6 C 7 D
- 8 450 670
 - 4 850 607
 -
 - 8 405 607
- Resultado: 1 / 1

- Actividade 2. Neste caso, o alumno debe cumprimentar no caderno os exercicios, e arrastrar á dereita os resultados.

Prepara - Actividade 2

2 Relaciona cada operación con su resultado.

| | | |
|--|-------------------------------------|----|
| 1. $(40 + 2 - 18) \times 2$ | <input checked="" type="checkbox"/> | 48 |
| 6. $5 \times 11 + (20 - 8) : 4 + (12 + 6) : 3$ | <input checked="" type="checkbox"/> | 64 |
| 4. $(10 + 24 : 3) : 6 + 7 \times 9$ | <input checked="" type="checkbox"/> | 66 |
| 5. $5 \times 6 - 3 \times (10 - 7) - 7 \times 3$ | <input checked="" type="checkbox"/> | 0 |
| 3. $15 + 6 \times 7 - (12 - 36 : 4)$ | <input checked="" type="checkbox"/> | 54 |
| 2. $40 : 10 \times 3 - 5 \times 2$ | <input checked="" type="checkbox"/> | 2 |

Resultado: 1 / 1

Como se aprecia na imaxe, neste caso, o alumno obtivo un 100% de acertos e no primeiro intento

■ Actividade 3.

3 Escribe si estas afirmaciones son verdaderas (V) o falsas (F):
 a) Cualquier potencia de base diferente a 0 y exponente 0 equivale a la unidad.

falsa

verdadera

Resultado: 1 / 1

■ Actividade 4

Prepara - Actividade 4

4 Escribe si estas afirmaciones son verdaderas (V) o falsas (F):
 b) La potencia cuyo exponente es 3 equivale a su base elevada al cuadrado.

falsa

verdadera

Resultado: 1 / 1

Como observamos, as actividades propostas son de tipoloxía diferente, unhas terá que resolvelas no caderno para poder afianzalas, e outras trabállanse conceptos matemáticos e tamén comprensión lectora.

■ Actividade 5

Prepara - Actividade 5

5 Escribe si estas afirmaciones son verdaderas (V) o falsas (F):
 c) La potencia 4^2 equivale a la potencia 2^4 .

falsa

verdadera

Resultado: 1 / 1

■ Actividade 6

Prepara - Actividade 6

6 Escribe si estas afirmaciones son verdaderas (V) o falsas (F):
 d) Para multiplicar dos potencias de la misma base, mantenemos dicha base y restamos los exponentes.

falsa

verdadera

Resultado: 1 / 1

■ Actividade 7. Neste caso, atopámonos cunha cuestión que se non é resolta no caderno, non aporta valor pedagóxico.

O alumno resolveuna ao chou, e fallou. No segundo intento obtén unha avaliación positiva.

Prepara - Actividade 7

7 Escribe si estas afirmaciones son verdaderas (V) o falsas (F):
 e) La descomposición en potencias de 10 del número 12 408 es:
 $1 \times 10^4 + 2 \times 10^3 + 4 \times 10 + 8$

falsa
 verdadera

Resultado: 0 / 1

- Actividade 8. Neste caso, tamén responde ben no segundo intento

Prepara - Actividade 8

8 Escribe si estas afirmaciones son verdaderas (V) o falsas (F):
 f) Para elevar una potencia a otra potencia, mantenemos la base y multiplicamos los exponentes.

verdadera

falsa

Resultado: 1 / 1

- Actividade 9. A pregunta 9, pódese responder de varias maneiras en canto ao formato. Porén, o sistema non é quen de corrixilas adecuadamente. Será o docente que as corrixa de forma manual.

9 Completa estas oraciones:

a) Como $81 = 9^2$, la raíz cuadrada de 81 es

b) Los números que corresponden al cuadrado de otro número natural se llaman

c) El número que se escribe debajo del símbolo de la raíz cuadrada se llama

d) La raíz cuadrada de 196 es Por lo tanto, se trata de una raíz cuadrada

e) La raíz cuadrada entera de 38 es un número situado entre el y el

f) El número es la raíz cuadrada exacta de 289.

base
 14
 exacta
 6.1644
 entre el 6 y el 7
 17

8. Accede o profesor

O docente accede ás tarefas que estivo traballando co alumna- do. Neste exemplo, recordamos, trátase do apartado "Actividades finais". Polo tanto, pincha no apartado:

Sección 1

- ① Inicio
- ① Los sistemas de numeración
- ① Los números naturales
- ① Las potencias
- ① Las raíces cuadradas
- ① Resolución de problemas
- ① Síntesis
- ① Actividades finales
- ① Evaluación de la unidad
- ② Piensa sobre
- ① Pon a prueba tus competencias
- ② Piensa sobre

- Dirixímonos ao segundo apartado (barra horizontal superior)
- Clic en Resultados



- Visualizamos o listado de alumnado, e observamos se presenta elementos pendentes de cualificación

| Nombre | Modificado | Estado | Resultado | Pendiente de evaluación | Acciones |
|---|---------------------|--------|-----------|-------------------------|----------|
| Listado de alumnos | | | | | |
| Alumno_cfrvimianzo003_01 Formacion01 | 25/11/2021 10:40 | ✔ | - / 9 (-) | Sí | 👁 |
| Alumno_cfrvimianzo003_02 Formacion02 | - | - | - | No | |
| Alumno_cfrvimianzo003_03 Formacion03 | - | - | - | No | |

Sincronizar

Se non aparecen todos os alumnos matriculados, debemos de premer en Sincronizar estudantes

Acceder

▶ Asociar contido a este curso

Sincronizar estudantes

- Neste caso observamos que no curso hai 3 alumnos, e que só un fixo algunha da actividades e ten algo pendente de avaliar.
- Clic no ollo, e o docente comproba cales foron as respostas dadas polo alumno e o número de intentos empregados. Con esta información o profesor pode facer unha avaliación cualitativa. Ademais, ao ter configurada a avaliación de Moodle, xa a propia plataforma fai unha avaliación cuantitativa.

Prepara - Actividad 1

1 Indica a qué número representa esta descomposición: 8 UMM 4 CM 5 UM 6 C 7 D

8 405 670

4 850 607

8 405 607

8 450 670

Resultado: 1 / 1

Número de intentos: 3

- Se o docente pincha no apartado 9, pode observar a resposta do alumnado, e tamén avaliala. Neste exemplo, o profesor estima que un 70% das respostas é o adecuado. Clic en "Evaluar"

9

Completa estas oraciones:

- Como $81 = 9^2$, la raíz cuadrada de 81 es
- Los números que corresponden al cuadrado de otro número natural se llaman
- El número que se escribe debajo del símbolo de la raíz cuadrada se llama
- La raíz cuadrada de 196 es Por lo tanto, se trata de una raíz cuadrada
- La raíz cuadrada entera de 38 es un número situado entre el y el
- El número es la raíz cuadrada exacta de 289.

9
cuadrados
base
14
exacta

Evalúe este ejercicio:

[Valor máximo: 1]

70% ▾

Resultado: (Pendiente de evaluación por parte del profesor)

- Se o docente pincha novamente en Resultados, pode visualizar que o alumno ten unha nota de 8,70



Alumno_cfrvimianzo003_01
Formacion01

25/11/2021
12:11



8,70 / 9
(96.67%)

No



- E se o profesor se dirixe ao apartado de cualificacións, do propio Moodle, aparecen reflectidos os resultados. Debemos ter en conta que están configurados por defecto en tanto por cen.

| IT_Realización das tarefas | | |
|----------------------------|----------------------------|----------------------------|
| Actividades finales | Total IT_Realización da... | Total Trabajo e actitud... |
| 32,00 | 3,20 | 3,20 |